

Miñas donas, meus señores:

Despóis das labouras destes días pasados é chegada o intre de *clausura-las*, como se acostuma a desíñar a operación lóxica de dar conta ou pechar ou en galego antigo "choir" os múltiples problemas que se ofrecen á nosa consideración como se estivesen resoltos.

Cando a sorte dá ó encargado de resumir nas súas verbas fináis a sinificación xeral deste tipo de traballos, nun Congreso como o que agora corresponde pechar, trátase en efecto de condensa-las ideas en col dunha figura tan representativa como a de Castelao e á súa época. Porque de época hai que falar cando, como no Congreso pasado, se estudam ó redor de cen traballos na mesma dirección.

O Centenario de Castelao dános uns límites no tempo, da transición do que aconteceu no mundo das ideas polo menos no que vai de século. Sorprende esta transición a un home que como Otero Pedrayo refletiu aqueles anos cos seus anxeios, obxetivos e espírito. No seu magnífico prólogo á "Historia de Galiza" estuda o mestre ourensán o comezo deste cambio que socede nos tempos dos positivistas, López Ferreiro, Murguía, Bernardo Barreiro de V.V., etc..., quer dicir, no anterior á súa propia experiencia. O mesmo Pedrayo aplica a súa sensibilidade estética ós problemas propiamente literarios como os que envolve o novo espírito de Valle-Inclán nas súas novelas fronte a doña Emilia Pardo Bazán. Non embargantes, claro, o millor recordo e meirande admiración estaba xa presente na poesía de Rosalía e de Pondal, os creadores auténticos da nova lingua culta da nosa nación, veleiqué novamente o problema esencial da Língua. Porque como Karl Vossler nos ten deixado dito: "Cando ó sentimento nacional lle teñen sido tiradas tódalas súas defensas, a lingua convírtese no baluarte defensivo, dende o que un día, cando os tempos lle sexan propicios, sairá a reconquista-lo seu posto". (*The Spirit of Language in Civilization*, p. 123, 1932).

O mesmo Otero Pedrayo no citado limiar, referíndose "ó tempo cuio nome e tídoo non pode ser outro do que soa como un salaio volto agarimo e seguranza, de Daniel Alfonso Rodríguez Castelao" engade:

"Houbo daquela e viven connosco os que non pisaron a soleira do alén, moitos espíritos "bos e xenerosos". Foi, é aínda, e ten de ser, a época e a xente de Castelao. Soio o seu nome pode abranguer a todolos irmáns entre os cales xamáis houbo xenreira nin reitesía, pois un amor os axuntou na vida e no morrer. Entón madureceu o novo senso da Historia. Era un pobo, unha cultura, unha Patria quen a reclamaba. Foi a laboura brava e leda. Enxamáis fallou a canción. Fundou Cuevillas a nosa Prehistoria. O Seminario de Estudos Galegos avencellou ós investigadores.

Cada outono medraba a colleita de estudos monográficos. Ca Prehistoria fortécéuse a Arqueoloxía, ordeóuse a Etnografía, procurou seu método a historia literaria. Homes illados na aparencia correspondíanse cos grupos de Sant-Iago, de Pontevedra, de Ourense. A carón

de vedraios investigadores traballaban os mocíños, e foi un clima de calmo entusiasmo, de sa-
zós delicadas, a frol da descuberta dunha frolida eirexa románica, dunha grave asambrea de
castros, da resoancia de fontela no ermo dunha cántiga, da volta á luz das paixós e intreses en-
cobertos na poeira dos manuscritos."

Sí, Otero estaba falando dun dos feitos máis importantes dentro do movi-
mento galeguista. Estaba referíndose á dimensión de *universalidade* que dende o
comezo da vida do Partido Galeguista tiña sido un dos catro guieiros percorridos
por tódolos devanceiros do presente século, dende as *Irmandades da Fala*, conti-
nuando pola Revista NOS e o Seminario de Estudos Galegos, ata chegar ós nosos
días. E isto dende o máis abstracto concepto lingüístico, que explicaría hai poucos
días tódolos problemas do emprego da verba NACION tanto por parte do profes-
sor Ramón Máiz, como pola dos seus críticos, como o das diferentes comunica-
cións e ponencias presentadas neste Congreso. A Sección de Lingüística do Semi-
nario de Estudos Galegos, formada ó redor do profesor Cotarelo, renovou tódalas
ideias que sobre a lingua galega se tiñan espallado ata aqueles intres. O máis tarde
profesor da nosa Univeridade Carballo Calero, entón un rapaz, traballaba con
Filgueira e conmigo mesmo nesta sección do Seminario. Máis tarde o Doctor Mo-
ralejo ostenta a dirección da sección de Filoloxía entre os anos 1928 e 1930. Inicia
así o Seminario a redacción dunhas Normas, en cuia parte expositiva propóñense
certos principios que esclarecerán o Vocabulario galego-castelán. Comezou a pu-
blicarse por "El Pueblo Gallego" o devandito Vocabulario quedando interrompida
a súa publicación.

Un dos fitos máis importantes na evolución da Cultura Galega naquel
tempo foi o da publicación da gran Revista NOS, na que Castelao deixou non só
amostras da súa técnica tipográfica e artística, senón tamén toda clase de ilustra-
cións. Afortunadamente, todo o seu magnífico traballo ten sido cuidadosa e mag-
nificamente preparado nun libro da autoría de Victoria Carballo, de recente pu-
blicación.

No grande libro de Castelao, do que nos ocuparemos máis tarde, "As Cru-
ces de Pedra na Galiza", que co selo do Seminario de Estudos Galegos é publi-
cado en 1949, ríndese homenaxe ó traballo de Porter, "Notes on Irish Crosses",
publicado vinte anos antes en Estocolmo. Mentras tanto, todo o Seminario, figura
como unha contribución senlleira ás novas correntes artísticas. Castelao mesmo
deixounolo dito, con magníficas verbas no Limiar desta súa grande obra:

"Cando fun recibido no S.E.G. aos poucos meses da súa nacemento i en plea
faxina de orgaización, a mín soio me foi doado presentar como prendas de bó pa-
rescer, algúns froitos artísticos e literarios saídos do meu probe enxeño... Era pre-
ciso inquerir i estudar. Penséi nos horreos, nas sepulturas, nos carros, nos reloxos,
nos procesos e formas do pan, nas ferramentas do traballo, nas lendas da morte e
do nacemento... E de súpeto descubrín nos cruceiros un aspecto da nosa arte
popular aínda non estudado como cousa importante. E velahí o que máis me im-
portou...". Engadamos, para a composición interna da obra estas preciosas confe-
siós feitas por él no Limiar:

"A morea de deseños emparellouse logo cunha morea de notas, que foron recadadas a paso no saber comunicado dos mestres ou saídas do meu confuso caletre. Merquéi libros ingleses encol das cruces de Irlanda, Escocia, e Gales. Tamén merquéi libros alemáns, que por certo alí ficaron denantes de seren traducidos. Fun á Bretaña donde hai cruceiros semellantes ós nosos, á cata de luces para o meu plan de estudo, e voltei menos arrizado pero, máis comprometido. Fun a Portugal, sen lecer dabondo pelengrinar polos seus camiños, e voltei prometéndome novas xeiras que xa máis nunca puiden emprender. Nas bibliotecas de París consultei bastantes libros e revistas, que me deixaron abesullar a cortedade das miñas letras e a longura das miñas ambicións. Non me fallaron, no en tanto, axuda e consello dos compañeiros de Seminario, naquela avinenza de mestres e estudantes galegos que unha lufada de absolutismo sandiamente tronzo e tolleu... Unha mixón política que eu debía cumprir por patriotismo, arredoume do traballo emprendido, porque aqueles intres non concedían trégola nengunha. A lida chegou a ser moi brava e moi crúa; e, máis tarde, a resultas sañudas da guerra civil, na que fun belixerante, botáronme polo mundo, cara o exilio, no que arestora se debate a miña morriña... Trouxen connigo unha longa lista de libros estranos que na miña vida follearéi, porque xa camiño polos nevoeiros da vellez, e non teño tempo de chegar onde me propuxen con folía de mozo. Os días xa son pequenos para cumprir outras mandas... Empezo, pois, a compor un libro que estaba chamado a ser mellor do que en realidade será. E que a boa fada me acompañe ao escribir."

Cecais esta obra do Castelao representa mellor que ningunha outra a evolución das ideas que ten lugar neste século. O Castelao neste seu grande libro que aínda estaba sin editar no intre concreto da súa morte, nos amosa unha perfecta combinación de sabiduría técnica e histórico-arqueolóxica. X en 1930 como preparación para o estudo do mesmo tema na terra irmá, publica o libro *As Cruces de Pedra na Bretaña* xa temos visto que co coñecemento miúdo do mesmo símbolo histórico na Irlanda, e sobor de todo, un contacto cuase diario cas cruces e cruceiros da nosa Terra prepara o crítico rianxeiro a súa obra definitiva; a que amosa mellor que ningunha a senso da universalidade da nosa cultura.

Filgueira Valverde, por unha banda, antre outros, ten estudado este mesmo fenómeno no uso da máscara na obra teatral de Castelao i, en xeral, na escenificación dramática do teatro do noso autor. Abondan, valiosas testemuñas persoáis nesta dirección.

Neste Congreso máis dunha vez téñense manifestado fortemente estas tendencias, sen que a contradicción interna de que se lle acusa, teña valor esencial; o mesmo sucede con frecuencia en autores relevantes na historia da civilización.

Podemos insistir libremente no que decíamos ó comenazar este discurso de clausura: as novas xeneracións que enchen o pensamento deste século, están de acordo con que a vida da nosa nación terá nestes anos derradeiros un novísimo transcurrir pola historia adiante. Por exemplo, eu atreveríame a dicir que no aparente conflito que xurde cando se trata de explicar o termo *nación* aplicado á nación galega podería reducirse amplamente, tendo en conta algúns dos conceptos en vigor na lingüística dos nosos tempos. Polas mesmas razóns o feito de que o xoves pasado, casi á mesma hora, dous distinguidos congressistas, atacase ún deles o Diario de 1921, resultado da súa primeira viaxe por Europa, e o outro aprovei-

tase certos datos que nel aparecían para os seus argumentos, esto, non supón un conflito real, senón unha confrontación dialéctica.

O que sucede con algúns dos libros de Castelao, por exemplo con *Sempre en Galiza*, ten unha explicación estrutural e de diferencias de época na súa elaboración.

E isto, ata o punto de que na súas cartas privadas, aparecen treitos de prosa idénticos ós que se empregan no Adral (?) e tres libros de "Sempre en Galiza". Temos recomendado moitas veces unha coidada edición de "S. en G." con riqueza de índices. Explicaríanse entre outras cousas cruces lingüísticos e variantes sincrónicas, etc., etc., e, naturalmente, as pretendidas contradicións.

No noso próximo Congreso do ano que ven (1987), teranse en conta estas peticións. Porque como vos decatariades, estes estudos sobre Castelao non fixeron máis que escomezar. Antes de pechar estas liñas, a Fundación Castelao, vese na obriga de agradecer fondamente os servizos técnicos, de organización prestados pola Universidade de Santiago de Compostela, dos museos Carlos Maside, Pontevedra, Padre Sarmiento de Estudos Galegos e Museo do Pobo Galego. A Consellería de Cultura fixo posible a súa celebración. As fundacións Penzol, Rosalía de Castro e Otero Pedrayo, son merecedoras tamén dos nosos agradecimentos.

Agradecemento que vai máis alá, porque sempre foi pensamento desta Fundación que o centenario do nacemento do noso grande rianxeiro non tivese nos nosos corazóns límite algún, para estar sempre co pensamento posto nel, cuxo espírito hoxe Galicia enteira pide que eternamente paire sobor destas terras do Barbanza e sobor desta ría de Arousa, dirixindo a carón do gran Bóveda, o mártir meirande da liberdade de Galicia, cuxo monumento ficará ergueito á súa eterna gloria o vindeiro 7 de Nadal en Pontevedra, o viciro triunfal cara á liberdade da Terra galega.

RAMON MARTINEZ LOPEZ
Pte. Fundación Castelao